

## Exercicios para repaso e reforzo da Psicoloxía como ciencia

**Le os textos e responde as preguntas que lles seguen.**

A conducta non é unha desas materias ás que é posible acceder soamente coa intervención dun instrumento como o telescopio ou o microscopio. Todos coñecemos miles de feitos sobre a conducta. Realmente, non existe ningún tema co que estemos máis familiarizados, posto que sempre estamos en presenza de, alomenos, un organismo actuante. Pero esta familiaridade é dalgún xeito unha desventaxa, xa que significa que probablemente temos chegado a conclusións que non serán corroboradas polos prudentes métodos da ciencia. Aínda que teñamos observado a conducta durante moitos anos, non podemos expresar uniformidades útiles ou relacións válidas. Podemos amosar unha considerable habilidade para elaborar conxeturas plausibles sobre o que os nosos amigos e coñecidos farán en determinadas circunstancias ou o que faríamos nos mesmos. Podemos facer xeralizacións admisibles sobre a conducta da xente en xeral, pero poucas deslas resistirán unha análise rigurosa. Xeralmente existe unha gran dose de ignorancia nos nosos primeiros contactos cunha ciencia da conducta.

B.F. Skinner *Ciencia e conducta humana*. (1953)

1. Segundo o autor, como afecta a familiaridade da conducta humana ao seu estudio?
2. Sinala que ideas do texto reflexan: a) a corrente da psicoloxía na que traballou o autor, indicaa e b) que concepción ten el do estudo da conducta.

A principal meta da educación é crear homes que sexan quen de facer cousas novas e non só repetir o que teñen feito ás xeracións pasadas: homes creadores, inventores e descubridores. A segunda meta da educación é formar mentes que poidan ser críticas, que poidan verificar e non aceptar todo o que se lles ofrece. O gran perigo de hoxe son as consignas, as opinións colectivas, as correntes de pensamento feitas a medida. Debemos estar en condicións de resistir individualmente, de criticar, de distinguir entre o probado e o que aínda non foi probado. Por iso necesitamos alumnos activos, que poidan aprender pronto a descubrir por si mesmos, en parte mediante a súa actividade espontánea e en parte por medio de materiais que lles proporcionemos; que aprendan pronto a determinar que é verificable e que é simplemente o primeiro que se nos ven á mente.

J. Piaget. "Estudos cognitivos e desenvolvemento curricular" en *Piaget Rediscovered* (1964)

1. Resume os obxectivos da educación segundo Piaget que este presenta no texto.
2. Cal é (no texto a principal) a crítica que realiza o autor.
3. Indica á corrente da psicoloxía á que contribuíron as achegas de Piaget.
4. Explica resumidamente cal foi o tema principal dos seus estudos e as súas

conclusións ou contribucións.

5. Que medidas condretas cres que se poderían levar a cabo no ámbito educativo para potenciar a cratividade?